

AYUNTAMIENTOS

V I G O

XERENCIA DE URBANISMO
PLANEAMIENTO E XESTION

A N U N C I O

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo (Exp. 5609/411).

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión do día 26 de febreiro de 2001, adoptou o seguinte acordo:

“*Primeiro.*—Con base no informe do técnico de administración xeral da Xerencia municipal de Urbanismo transcrito na parte expositiva deste acordo, estimar parcialmente as alegacións presentadas ó acordo plenario do 31.08.2000 polo Ministerio de Ciencia y Tecnología, por D. Abdón Escariz Vázquez, e polas compañías Airtel Móvil, S.A. e Telefónica Móviles España, S.A., desestimando as presentadas por D^a. Marina Cañizo Suárez, D. Eladio García Fontenla, D^a. Margarita Lago Alvarez e D. Gabino Trigo Hermida, notificándolles persoalmente a todos eles este acordo.

“*Segundo.*—Aprobar definitivamente a “Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo”, elaborada polos servizos xurídicos da Xerencia municipal de Urbanismo, co texto que se transcribe ó final deste acordo, no que se incorporan as correccións derivadas da estimación parcial das alegacións anteriormente indicadas e as modificacións propostas de oficio.

“*Terceiro.*—De conformidade co disposto nos artigos 70.2 da l. 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL) e 196.2 do ROF (RD. 2568/86), publicar este acordo e o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia; ordenanza que entrará en vigor ós quince días da súa publicación completa (art. 65.2 LRBRL).

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS
CONDICIONS URBANISTICAS DE LOCALIZACION,
INSTALACION E FUNCIONAMIENTO DOS ELEMENTOS
E EQUIPOS DE TELECOMUNICACION NO TERMO
MUNICIPAL DE VIGO**

EXPOSICION DE MOTIVOS

1. XUSTIFICACION, OBXECTO E FINALIDADE DA ORDENANZA

Nos últimos anos asístese á proliferación –por veces incontrolada– das instalacións dos servizos de telecomunicación; en especial das relativas á te-

lefonía móbil. Este feito, unido ó forte impacto que moitas delas teñen na paisaxe urbana e natural e á carencia de norma específica municipal, determinan a urxente necesidade de regulamentar as condicións de localización, instalación e funcionamento destas e dos demais elementos e equipos de telecomunicación (antenas receptoras de radio e televisión, antenas de estación de radioaficionados, estacións emisoras, repetidoras e reemisoras dos servizos de radiodifusión e televisión, etc.) e xustifican dabondo a elaboración e aprobación por parte do Excmo. Concello de Vigo dunha ordenanza municipal propia para estes fins.

A Ordenanza ten por obxecto a regulamentación das condicións urbanísticas aplicables á localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación (telefonía, redes de telecomunicacións por cable, radiodifusión sonora e televisión, etc.). Contén, ademais, normas relativas ás redes de canalizacións e ás condicións tecnolóxicas, de protección ambiental e de seguridade das instalacións e normas que disciplinan o réxime xurídico das licencias sometidas á Ordenanza e o réxime sancionador das infraccións ós seus preceptos.

Con esta Ordenanza preténdese compatibilizar adecuadamente a necesaria funcionalidade de tales elementos e equipos de telecomunicación e a utilización polos usuarios dos servizos de telecomunicación cos niveis de calidade requeridos coas esixencias de preservación da paisaxe urbana e natural e de minimización da ocupación e o impacto que a súa implantación poidan producir.

2. CONTIDO E ALCANCE DA ORDENANZA

Formalmente, a parte dispositiva da Ordenanza divídese en 48 artigos, agrupados en sete Títulos, cos seus correspondentes capítulos (Títulos I, II, IV e VII), conforme ó seguinte esquema: Título I: Disposicións xerais. Título II: Instalacións pertencentes a redes de telefonía. Título III: Redes de telecomunicacións por cable. Título IV: Equipos de radiodifusión e televisión. Título V: Rede de canalizacións. Título VI: Condicións tecnolóxicas, de protección ambiental e de seguridade das instalacións. Título VII: Réxime xurídico das licencias sometidas a esta Ordenanza.

A súa parte final divídese en dúas disposicións adicionais (Rexistro de instalacións e creación da Comisión de telecomunicacións) dúas transitorias e dúas finais (incidencia da normativa futura de rango superior e entrada en vigor da Ordenanza).

A Ordenanza complétase cun Anexo integrado por dous planos nos que se indican as zonas preferentes para a instalación das estacións base de telefonía móbil ás que se refire o seu artigo 13.

Unha vez aprobada e en vigor a Ordenanza, os elementos e equipos de telecomunicacións regulados nela deberán axustarse estrictamente ás súas deter-

minacións. A respecto das establecidas con anterioridade a ese momento, sen a debida autorización, regularizarán a súa situación segundo os criterios establecidos nas súas disposicións transitorias.

Así, as instalacións clasificadas como actividades inocuas e sometidas unicamente ó procedemento propio dos actos comunicados que cumpran as condicións urbanísticas previstas na Ordenanza, entenderanse legalizadas sen necesidade de efectuar trámite de procedemento ningún.

En cambio, as instalacións consideradas como inocuas e suxeitas a licencia municipal e as clasificadas como cualificadas, deberán regularizar a súa situación e solicitar a licencia que corresponda no prazo de dous anos; prazo que comezará a contar dende a data de entrada en vigor da Ordenanza, salvo que a instalación estea situada nalgún edificio catalogado; neste caso o prazo será de un ano, que se contará desde a data indicada.

Por último, impónse ós titulares das instalacións establecidas coa debida autorización antes da entrada en vigor da Ordenanza a obriga de realizar as adaptacións que fosen procedentes polos procedementos nela establecidos, no prazo máximo de catro anos contados desde a indicada data.

3. CARACTER

Trátase dunha ordenanza de carácter urbanístico, sen esquecer a incidencia real das súas determinacións sobre outras áreas e competencias municipais de distinta orde; transversalidade que se procura integrar harmonicamente na Ordenanza a través da intervención desas outras áreas no procedemento de concesión das preceptivas autorizacións administrativas —vía informe— e a súa participación na Comisión de Telecomunicacións que se crea no Concello de Vigo.

4. COMPETENCIA MUNICIPAL

Díctase esta Ordenanza de acordo coa habilitación legal con que conta o Excmo. Concello de Vigo para exercer competencias en materias tales como a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística (art. 25.2.d LRBRL), o patrimonio histórico-artístico (art. 25.2.e LRBRL), a protección do medio ambiente (art. 25.2.f LRBRL) ou a salubridade pública (art. 25.2.h LRBRL).

O abeiro do disposto no apartado 3.8.1 das normas urbanísticas do vixente PXOU-93 de Vigo, en relación cos artigos 168 da L.1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSG) e o artigo 10 do D.28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da LSG, estará sometida a licencia municipal a instalación no noso termo municipal dos elementos e equipos de telecomunicación ós que se refire a Ordenanza, nas condicións sinaladas no seu Título VII.

5. MARCO NORMATIVO. MEDIO AMBIENTE E PROTECCION DA SAUDE

Sen prexuízo da regulación urbanística municipal contida nesta Ordenanza, será plenamente aplicable e de obrigado cumprimento a normativa sectorial específica reguladora do sector das telecomunicacións, constituída na actualidade basicamente pola L.11/98, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, o RDL.1/98, do 27 de febreiro, o RD.1651/98, do 24 de xullo, que aproba o Regulamento do desenvolvemento do Título II da L.11/98, o RD.1736/98, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento do Título III da L.11/98 e o RD.279/99, do 22 de febreiro, sobre infraestructuras comúns de telecomunicación, así como as regulamentacións e especificacións técnicas relativas ás distintas clases de instalacións e equipos desta índole.

Sen dúbida, un dos aspectos de maior preocupación para os cidadáns en relación con este tipo de instalacións é o relativo á protección fronte ós posibles efectos nocivos que para a saúde das persoas puidesen resultar da exposición ós campos electromagnéticos (CEM).

Neste punto, parece oportuno lembrar o contido da Recomendación do Consello da Unión Europea do 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos 0 hz a 300 GHz (1999/519/CE), na que entre outras cousas se afirma que é absolutamente necesaria a protección dos cidadáns da Comunidade contra os efectos nocivos para a saúde que se sabe poden resultar da exposición a campos electromagnéticos e que o marco comunitario para facer uso da ampla recopilación de documentación científica xa existente debe basearse nos mellores datos e asesoramentos científicos dispoñibles no momento actual neste ámbito.

Así, e aínda dando por válida a afirmación contida nesa Recomendación do Consello da Unión Europea no sentido de que “non se considera comprobado que o cancro sexa un dos efectos da exposición a longo prazo dos campos electromagnéticos (CEM)”, cómpre ter moi en conta a percepción subxectiva que dos riscos relacionados coa exposición ós campos electromagnéticos ten a cidadanía e os factores de incertidume vencellados á sensibilidade individual.

Neste sentido, as Administracións públicas deberán xogar un importante papel de regulación e control e estar ó tanto do progreso da tecnoloxía e dos coñecementos científicos a respecto da protección contra as radiacións non ionizantes.

Debe terse en conta que, conforme co artigo 62 da L.11/98, do 24 de abril, de Telecomunicacións, corresponde ó goberno da Nación a xestión do dominio público radioeléctrico e o desenvolvemento regulamentario, entre outros aspectos, dos procedementos

mentos de determinación dos niveis de emisión radioelétrica tolerables.

Pola súa banda, a Comunidade europea está a desenvolver accións en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Na actualidade, o V Programa Marco (1998-2002) contempla o estudio sobre os efectos que ten para a saúde das persoas a exposición a campos electromagnéticos.

En canto á normativa vixente no ámbito europeo, as recomendacións que existen, recoñecidas polo Instituto Europeo de Normas de Telecomunicacións (ETSI), sobre os niveis máximos de exposición admisibles para o público en xeral a campos electromagnéticos, para as frecuencias radiolétricas, están recollidas na prenorma europea ENV 50166-2, do Comité Europeo de Normalización Electrotécnica (CENELEC) e norma experimental UNE-ENV 50166-2, da Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR).

A escala internacional, a Organización Mundial da Saúde (OMS) participa cun proxecto de estudio sobre os efectos dos campos electromagnéticos nas persoas, o denominado “Proxecto internacional CEM (1996-2005)”. A título informativo, na nota descritiva nº 193, de maio de 1998, este organismo considera que os niveis de radiación atopados na proximidade das instalacións de estacións base de telefonía móbil (torres de altura xeneralmente entre 15 e 50 m.) están por debaixo dos límites marcados polas recomendacións internacionais para a exposición do público en xeral.

Nesa mesma nota afírmase que: “os niveis de campo de radiofrecuencia en torno ás estacións base non se consideran un risco para a saúde”.

Con todo, desde un instrumento tan modesto como é unha ordenanza urbanística municipal tamén se poden establecer unha serie de cautelas neste sentido, tanto mediante a regulamentación das condicións tecnolóxicas, de protección ambiental e de seguridade que haberán de cumprir este tipo de instalacións (Título VI da Ordenanza) como mediante ó sometemento a licenza de determinadas actividades “inocuas” e de todas as consideradas como “cualificadas” (Título VII).

Así, no procedemento autorizador previsto na Ordenanza, diferéncianse dous réximes: un aplicable ás actividades cualificadas (p.ex. estacións base de telefonía), para as que se require un estudio de cualificación ambiental no que se xustificará o cumprimento das normas ou directrices dictadas polos órganos competentes da Administración do Estado en materia de saúde ambiental, e outro réxime para as consideradas como inocuas como, por exemplo, determinados conxuntos emisores-receptores de telefonía contidos en microcelas de reducidas dimensións, a recepción dos servizos de televisión e radiodifusión sonora ou a instalación de estacións de radioaficionados.

Nesta mesma orde de cousas, cómpre salientar que no mapa-plano anexo á Ordenanza admítase a instalación de antenas sobre mastros ou estruturas soporte apoiadas sobre o terreo unicamente nas localizacións autorizadas expresamente polo Excmo. Concello de Vigo, diferenciando dentro do núcleo exterior da cidade dúas zonas posibles:

Zona preferente 1: constituída polos emplazamentos situados a máis de 100 m. de calquera construción.

Zona preferente 2: constituída polos emplazamentos situados a máis de 50 m. de calquera construción.

Deste xeito, para poder autorizar un emplazamento situado a unha distancia inferior a 50 m. de calquera construción deberá xustificarse suficientemente a imposibilidade de situar as antenas en calquera das dúas zonas preferentes e achegar un estudio de cualificación ambiental no que se describa detalladamente a posible incidencia da súa implantación e funcionamento no medio ambiente exterior e interior das edificacións, construcións e lugares de recreo e lecer do contorno.

En todo caso, as localizacións permitidas conforme ó mapa-plano deberán tamén ser conformes coas determinacións urbanísticas en vigor no noso Concello e coas derivadas da normativa sectorial de aplicación (medio ambiente, patrimonio cultural, seguridade do tráfico aéreo, protección das estradas e vías públicas etc.), polo que non supoñen un automático recoñecemento da posibilidade de instalar nelas os elementos e equipos de telecomunicación ós que se refire esta Ordenanza.

Por outra banda, a Ordenanza prevé a creación dun Rexistro especial no que se inscribirán todas as instalacións de emisión e recepción dos servizos de telecomunicación existentes en Vigo e unha Comisión municipal de Telecomunicacións, encargada de dictaminar as consultas previas relativas ás solicitudes de licencias para actividades cualificadas, de realizar o seguimento da execución da Ordenanza, de propoñer as modificacións, revisións e mellores que resulten necesario ou conveniente introducir no seu texto e, en xeral, de todas aquelas cuestións e incidencias da competencia municipal relacionadas coas materias que son obxecto de regulación nela.

TITULO I **DISPOSICIONS XERAIS**

CAPITULO I **OBXECTO E FINALIDADE DA ORDENANZA**

ARTIGO 1

Esta Ordenanza ten por obxecto a regulación das condicións urbanísticas ás que deben someterse a localización, instalación e o funcionamento dos

elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo, a fin compatibilizar a funcionalidade de tales elementos e equipos e a utilización polos usuarios dos servizos de telecomunicación cos niveis de calidade requeridos coas esixencias de preservación da paisaxe urbana e natural e de minimización da ocupación e o impacto que a súa implantación poidan producir.

CAPITULO II

CONDICIONS XERAIS DE IMPLANTACION

ARTIGO 2. NORMAS XERAIS

A teor das cualificacións que establece o vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, as instalacións de telecomunicación están incluídas no uso de “servizos xerais”.

Con todo, as mesmas tan só poderán establecerse nas diferentes localizacións autorizadas expresamente polo Excmo. Concello de Vigo e estarán suxeitas ó cumprimento das condicións que se establecen nesta Ordenanza.

Con carácter xeral, prohibese calquera instalación de telecomunicación nas fachadas dos edificios, agás as excepcións establecidas nos artigos 11 e 25 desta Ordenanza a respecto de antenas de reducidas dimensións (microcelas e similares) e rede de canalizacións, respectivamente.

As instalacións de telecomunicación non expresamente reguladas nela axustaranse ás disposicións establecidas para as instalacións de características morfolóxicas ou funcionais análogas.

ARTIGO 3. ESIXENCIA DE PROXECTO DE INFRAESTRUCTURAS COMUN DE TELECOMUNICACIONES

Nos proxectos de obras de nova edificación ou de rehabilitación integral de edificios e nos demais casos que, eventualmente, se determinen na normativa estatal, será preceptiva a inclusión do proxecto de Infraestructuras Comúns de Telecomunicacións (ICT), conforme co establecido na normativa específica vixente en cada momento.

ARTIGO 4. LICENCIAS E INFORMES SECTORIAIS

A tramitación dos expedientes de solicitude de licenzas relativos ás instalacións dos sistemas de telecomunicación efectuarase conforme establece o título VII desta Ordenanza.

As solicitudes de licenzas urbanísticas destas actividades someteranse ó preceptivo informe dos servizos municipais competentes en materia de medio ambiente e patrimonio histórico e, cando así se precise de acordo coa normativa sectorial aplicable, dos órganos e institucións competentes en materia de protección do patrimonio histórico, artístico, natural e da estética urbana.

CAPITULO III DEFINICIONS

ARTIGO 5.

Para os efectos desta Ordenanza defínense os seguintes conceptos:

- *Antena*: elemento dun sistema de radiocomunicación especialmente deseñado para a transmisión, recepción ou ambas, das ondas radioelétricas.
- *Central de conmutación*: conxunto de equipos destinados a establecer conexións para conmutación de tráfico de voz e datos dun terminal a outro sobre un circuíto ou rede.
- *Contedor*: cabina ou armario no interior do cal se sitúan elementos ou equipos pertencentes a unha rede de telecomunicación.
- *Estación base de telefonía*: conxunto de equipos de telecomunicación que permiten establecer as conexións dunha rede de telefonía nunha área determinada.
- *Estación emisora*: conxunto de equipos e elementos que teñen a función de modular sobre unha banda portadora de sinais de diversa natureza e a súa transmisión a través de antena.
- *Estación reemisora/repetidora*: estación intercalada nun punto medio de transmisión co obxecto de restituír ó seu estado de partida as ondas atenuadas ou deformadas no curso da propagación.
- *Estudio de cualificación ambiental*: documento redactado por equipo técnico competente no que se analizan e avalían as incidencias dos posibles impactos producidos no ambiente polas instalacións de telecomunicación.
- *Impacto na paisaxe arquitectónica urbana*: alteración visual da paisaxe urbana e, en especial, dos edificios ou elementos integrantes do patrimonio cultural.
- *Microcela de telefonía*: equipo ou conxunto de equipos para a transmisión e recepción de ondas radioelétricas dunha rede de telefonía que, polas reducidas dimensións das súas antenas, pode situarse por debaixo do nivel das azoteas dos edificios ou construcións, sexa nas paredes destes, sobre o mobiliario urbano, elementos decorativos, arquitectónicos ou calquera outro do espazo urbano.
- *Radiocomunicación*: toda telecomunicación transmitida por ondas radioelétricas.
- *Telecomunicación*: toda transmisión, emisión ou recepción de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquera natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos.

- *Rede de telecomunicación:* os sistemas de transmisión e, cando cumpra, os equipos de conmutación e demais recursos que permitan a transmisión de sinais entre puntos de terminación definidos mediante cable ou medios ópticos ou doutra índole.
- *Sistema de telecomunicación:* conxunto formado polos terminais de telecomunicación e a rede de telecomunicacións, na que se distinguen tanto os sistemas de transmisión como os de conmutación.
- *Estación para usuarios de telefonía fixa con acceso vía radio:* conxunto de equipos destinados a establecer a conexión telefónica vía radio coa rede de telefonía fixa dun edificio.
- *Nodo final dunha rede de telecomunicacións por cable:* conxunto de equipos que teñen por función a transformación do sinal óptico en eléctrico, para a súa distribución a cada usuario a través do cable coaxial.

TITULO II

INSTALACIONES PERTENCENTES A REDES DE TELEFONIA

CAPITULO I

ESTACIONES BASE SITUADAS NA CUBERTA DE EDIFICIOS

ARTIGO 6. CONDICIONS DE INSTALACION


Na instalación das estacións base de telefonía aplicarase a tecnoloxía e o deseño que consigan o menor tamaño, a menor complexidade, a máxima redución do impacto ambiental e visual e que garantan as condicións de seguridade axeitadas, procurando sempre a utilización compartida das localizacións e/ou estruturas soporte por parte dos distintos operadores, conforme cos criterios establecidos no artigo 27 desta Ordenanza. Cumpri-ranse, en todo caso, as seguintes condicións:

- a) Prohíbese a colocación de antenas sobre soporte apoiado no peitoril ou no remate da fachada do edificio.
- b) Os mastros ou elementos soportes das antenas apoiados en cubertas planas ou nos paramentos laterais de torreóns ou calquera outros elementos prominentes da cuberta, cumprirán as seguintes regras (Vid. Fig. nº 1):
 - O recuado mínimo de calquera elemento integrante destas instalacións a respecto do plano de calquera fachada exterior do edificio sobre o que se sitúa será de 2 m.
 - A altura máxima sobre a cuberta do conxunto formado polo mastro ou elemento soporte e as antenas será a do vértice dun cono recto, o eixo do cal coincida co do mastro ou soporte e a súa xeratriz forme un ángulo de 45 graos con dito eixo e interceda coa vertical

do peitoril ou bordo da fachada exterior, a unha altura superior en 1 metro da deste. En ningún caso esa altura excederá de 8 m.

- O diámetro máximo do mastro ou cilindro circunscrito ó elemento soporte será de 6" (15,24 cm).
- O diámetro máximo do cilindro envolvente que circunscribe as distintas antenas e o elemento soporte non excederá de 120 cm, a non ser que se pretenda a utilización compartida da mesma tecnoloxía por distintos operadores. Neste caso o diámetro máximo no excederá de 170 cm.
- Os ventos para o arriostamento do mastro ou estrutura soporte fixaranse a unha altura que non supere un tercio da dos ditos elementos.

Fig. Nº 1




- c) Os mastros ou elementos soporte de antenas apoiados sobre cubertas inclinadas, cumprirán as regras establecidas no apartado anterior, coa seguinte particularidade (Vid. Fig. nº 2):

A altura máxima sobre a cuberta do conxunto formado polo mastro ou elemento soporte e as antenas será a do vértice dun cono recto, o eixo do cal coincida co do mastro ou soporte e a súa xeratriz forme un ángulo de 30 graos con dito eixo e interceda coa aresta superior do peitoril ou bordo da fachada exterior. En ningún caso esa altura excederá de 8 m.

- d) Por razóns de seguridade, non serán accesibles para o público en xeral nin as estacións base de telefonía móbil nin un perímetro de 6 m delimitado arredor da estrutura soporte da antena.

Fig. nº 2

**ARTIGO 7. EXCEPCION**

Excepcionalmente, as antenas poderán apoiarse sobre as cumieiras das cubertas e sobre os vértices superiores ou puntos de coroamento de torreóns ou de calquera outros elementos prominentes da cuberta, sempre que a xuízo dos servizos e órganos municipais competentes, na composición descrita na documentación técnica achegada polo solicitante, a instalación pretendida se integre satisfactoriamente no conxunto e as antenas resulten harmónicas co remate da edificación, ou ben, se posibilite con esta solución a utilización compartida de infraestructuras por parte dos distintos operadores.

ARTIGO 8. INSTALACION DE CONTEDORES

A instalación de contedores vinculados funcionalmente a unha determinada estación base de telefonía situados na cuberta de edificios ou construcións cumprirá as seguintes regras:

- O seu interior unicamente será accesible para o persoal debidamente autorizado, nas condicións de seguridade e protección persoal establecidas.
- En ningún caso a instalación comprometerá a seguridade estrutural do edificio nin a dos seus moradores.
- Situaráanse sempre baixo a cuberta ou dentro da envolvente desta.
- A situación do contedor non dificultará a circulación pola cuberta necesaria para a realización dos traballos de conservación e mantemento do edificio e das súas instalacións.
- Cando o contedor sexa visible desde a vía pública, espazos abertos ou patios interiores, a cor e o aspecto da envolvente deberán adecuarse ós do edificio.

- En todo caso, garantirase a eficacia das medidas de aillamento térmico, acústico e electromagnético que deban adoptarse para os equipos e elementos electrónicos adicionais necesarios para o funcionamento das antenas.

ARTIGO 9. PROTECCION EN ZONAS DE VIVENDAS UNIFAMILIARES

A instalación de antenas ou doutros elementos pertencentes a unha rede de telefonía sobre a cuberta de calquera vivenda ou construción pertencente a este ámbito só poderá autorizarse cando no correspondente estudo de cualificación ambiental achegado se xustifique que polas características dos elementos previstos e as condicións da súa localización se consegue o axeitado mimetismo coa paisaxe e a adecuación ó contorno, e daquela a súa instalación non producirá impacto visual desfavorable.

As instalacións apoiadas sobre o terreo, referidas no artigo 13, poderán, excepcionalmente, instalarse neste ámbito sempre que no estudo de cualificación ambiental achegado se xustifique que as medidas de protección paisaxística adoptadas en función da altura da antena (que será a mínima posible para conseguir a operatividade do servizo) mediante elementos vexetais ou doutro tipo, logren o axeitado mimetismo coa paisaxe.

ARTIGO 10. PROTECCION ESPECIAL

Corresponde ós edificios e elementos catalogados nos diferentes instrumentos de planeamento con niveis de protección incompatibles coa localización neles deste tipo de instalacións e aqueloutros non catalogados cos expresados niveis que pola súa singularidade na paisaxe urbana merezan análoga consideración, segundo informe ou dictame dos servizos municipais.

Nestas localizacións evitarase calquera tipo de instalación, non sendo que na solución proposta se xustifique a anulación do impacto visual desfavorable e así o dictaminen os órganos municipais competentes en materia de patrimonio histórico e, cando así se precise de acordo coa normativa sectorial aplicable, polos órganos e institucións competentes en materia de protección do patrimonio histórico-artístico e natural e da estética urbana.

CAPITULO II
INSTALACIONES SITUADAS EN FACHADAS DE EDIFICIOS

ARTIGO 11. CONDICIONS DE INSTALACION

A non ser nos edificios cun grao de catalogación que o prohiba, poderá admitirse a instalación de antenas na fachada dun determinado edificio, sempre que polas súas reducidas dimensións (microcelas ou similares) e situación resulten acordes coa composición da fachada e non supoñan menoscabo no seu ornato e decoración. En calquera caso, cumpriranse as seguintes regras:

- a) Situaranse por debaixo do nivel de cornixa, sen afectar a elementos ornamentais do edificio.
- b) A súa colocación axustarase ó ritmo compositivo da fachada.
- c) A separación das antenas respecto ó plano de fachada non excederá dos 50 cm. Esta separación poderá medirse respecto doutros elementos xa existentes na fachada coa debida autorización municipal, como rótulos ou marquesiñas, sempre que non se supere o voo permitido en cada caso pola normativa urbanística.
- d) O trazado da canalización ou cable integrarase harmonicamente na fachada e a súa cor adaptarase á do paramento correspondente.
- e) O contedor situarase en lugar non visible.

CAPITULO III

INSTALACION DE ANTENAS DE DIMENSIONES REDUCIDAS SOBRE CONSTRUCCIONES OU ELEMENTOS INTEGRANTES DO MOBILIARIO URBANO

ARTIGO 12. CONDICIONS DE INSTALACION

Se o Concello o estima conveniente, a través do oportuno convenio poderá autorizar a instalación de pequenas antenas sobre báculos de iluminación, columnas informativas, quioscos ou calquera outro tipo de mobiliario urbano, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) A cor e o aspecto da antena adaptaranse ó contorno, procurando conseguir o axeitado mimetismo co conxunto e a mellor adaptación coa paisaxe urbana.
- b) O contedor no que se instalen os elementos ou instalacións complementarias situarase, preferentemente, baixo rasante. Excepcionalmente, poderase admitir outra situación sempre que se xustifique suficientemente que a instalación intégrase harmonicamente na paisaxe urbana e non entorpece o tránsito.

CAPITULO IV

INSTALACION DE ANTENAS SITUADAS SOBRE MASTROS OU ESTRUCTURAS SOPORTE APOIADAS SOBRE O TERREO

ARTIGO 13. LOCALIZACIONES AUTORIZADAS

Poderá admitirse a instalación destas antenas soamente nas localizacións autorizadas expresamente polo Excmo. Concello de Vigo. Estas localizacións figuran no mapa-plano anexo a esta Ordenanza, que, para o núcleo exterior da cidade, distingue as seguintes zonas:

- Zona preferente 1: emplazamentos situados a máis de 100 m. de calquera construción.

- Zona preferente 2: emplazamentos situados a máis de 50 m. de calquera construción.

Para poder autorizar un emplazamento situado a unha distancia inferior a 50 m. deberá xustificarse suficientemente a imposibilidade de situar as antenas en calquera das dúas zonas preferentes antes definidas e achegar un estudio de cualificación ambiental no que se describa detalladamente a posible incidencia da súa implantación e funcionamento no medio ambiente exterior e interior das edificacións, construcións e lugares de recreo e lecer do contorno, así como o resto da documentación indicada no artigo 35 desta Ordenanza.

En todo caso, as localizacións permitidas conforme ó mapa-plano deberán tamén ser conformes coas determinacións urbanísticas en vigor e coas derivadas da normativa sectorial de aplicación (medio ambiente, patrimonio cultural, seguridade do tráfico aéreo, protección das estradas e vías públicas etc.), polo que non supoñen un automático recoñecemento da posibilidade de instalar nelas os elementos e equipos de telecomunicación ós que se refire esta Ordenanza.

Na súa instalación adoptaranse as medidas necesarias prescritas polos servicios técnicos municipais para atenuar ó máximo o posible impacto visual, co fin de conseguir a axeitada integración da paisaxe. Para estes efectos, procurarase sempre lograr a utilización compartida das localizacións e/ou estruturas soporte por parte dos distintos operadores, de acordo cos criterios establecidos no artigo 27 desta Ordenanza.

A altura máxima total do conxunto formado pola antena e a súa estrutura soporte non excederá de 35 m., a non ser en zonas destinadas a uso residencial, que non excederá de 25 m.

CAPITULO V

ANTENAS DE ESTACIONES PARA USUARIOS DE TELEFONIA FIXA CON ACCESO VIA RADIO

ARTIGO 14. LOCALIZACIONES AUTORIZADAS

Admítese a súa instalación na cuberta de edificios, exclusivamente nos seguintes lugares:

1.—Sobre cubertas planas, agás as de torreóns e demais elementos prominentes da cuberta. A altura máxima sobre a cuberta do conxunto formado polo mastro ou elemento soporte e as antenas será a do vértice dun cono o eixo do cal coincida co do mastro ou soporte e a súa xeratriz forme un ángulo de 45 graos con dito eixo e interceda coa vertical do peitoril ou bordo da fachada exterior, a unha altura superior en 1 m. da deste. En ningún caso esta altura excederá de 4 m. A distancia mínima da situación da antena ás liñas de fachadas exteriores será de 2 m.

2.—Apoiadas sobre cubertas inclinadas con caída á parte oposta a fachadas exteriores ou adosadas a paramentos de calquera elemento prominente da cuberta, cando non sexan visualmente perceptibles desde a vía pública.

Excepcionalmente, cando concorran circunstancias obxectivas que imposibiliten a instalación destas antenas conforme ás anteriores condicións, poderase autorizar aquela sempre que se acredite o cumprimento das condicións que minimicen o impacto visual desde a vía pública.

Unicamente se admitirá a súa instalación sobre o terreo en parcelas privadas, en zonas de vivenda unifamiliar ou de edificación aberta cando a xuízo dos servicios e órganos municipais competentes nesta materia resulten idóneas e suficientes as medidas previstas para atenuar ó máximo o posible impacto visual, a fin de lograr a adecuada integración na paisaxe.

CAPITULO VI

INSTALACION DE ANTENAS PERTENCENTES A CENTRAIS DE CONMUTACION

ARTIGO 15. PRESCRICIONS APLICABLES

Dadas as características morfolóxicas e funcionais destes equipos, a súa instalación cumprirá as prescricións sinaladas en cada caso nesta Ordenanza para as estacións emisoras, repetidoras e reemisoras dos servicios de radiodifusión sonora e televisión (artigos 21 e 22).

TITULO III

REDES DE TELECOMUNICACIONES POR CABLE

ARTIGO 16. INSTALACION DE CONTEDORES

Os contedores de nodos finais de redes de telecomunicacións por cable instalaranse, preferentemente, baixo rasante. Excepcionalmente, poderase admitir outra situación, sempre que se xustifique que a instalación se integra harmónicamente na paisaxe urbana e non entorpece o tránsito.

TITULO IV

EQUIPOS DE RADIODIFUSION E TELEVISION

CAPITULO I

ANTENAS RECEPTORAS DE SINAIS DE RADIODIFUSION SONORA E TELEVISION TERRENAIS

ARTIGO 17. CONDICIONS DE INSTALACION

Na instalación destas antenas cumpriranse os seguintes requisitos:

- a) A instalación efectuarase de forma que se evite ou reduza ó máximo a súa visibilidade desde a vía pública.

- b) Terán carácter colectivo. Excepcionalmente, cando concorran circunstancias obxectivas que imposibiliten a instalación de antena colectiva nun determinado edificio, permitirase a instalación de antenas individuais suxeitas ás mesmas prescricións cás establecidas para aquelas, sempre que a xuízo dos servicios e órganos municipais competentes non resulte perigosa ou antiestética a instalación de antenas individuais nun edificio.

- c) Só poderán situarse en cuberta dos edificios nos seguintes lugares:

— Sobre cubertas planas, agás as de torreóns ou calquera outros elementos prominentes da cuberta. A distancia mínima da localización da antena ás liñas de fachada exteriores será de 5 m.

— Apoiadas sobre cubertas inclinadas con caída á parte oposta á fachadas exteriores, a patios interiores ou a parede medianeira, cando non sexan visibles dende a vía pública.

— Adosadas a paramentos de elementos da cuberta. A distancia mínima da localización da antena ás liñas de fachada exteriores será de 5 m.

Excepcionalmente, cando concorran circunstancias obxectivas que imposibiliten a instalación dunha antena de acordo cos requisitos expresados nos parágrafos anteriores, permitirase a súa instalación sempre que se cumpran as condicións que, segundo os servicios municipais, minimicen o impacto visual dende a vía pública.

CAPITULO II

ANTENAS RECEPTORAS DE SINAIS DE RADIODIFUSION SONORA E TELEVISION POR SATELITE

ARTIGO 18. CONDICIONS DE INSTALACION E LOCALIZACIONES AUTORIZADAS

A instalación destas antenas efectuarase de forma que se evite ou se reduza ó máximo a súa visibilidade dende a vía pública.

Terán carácter preferentemente colectivo e admítase a súa instalación soamente na cuberta de edificios nas seguintes localizacións:

- a) Sobre cubertas planas, agás nas de torreóns ou calquera outros elementos prominentes da cuberta. A distancia mínima da localización da antena ás liñas de fachadas exteriores será de 3 m.

- b) Apoiados sobre cubertas inclinadas sempre que cumpran as seguintes regras:

— Sobre faldóns de cuberta inclinados con caída á parte oposta á fachada á vía pública,

a patios interiores ou a parede medianeira, cando non sexan visibles desde a vía pública.

- En ningún caso a antena superará a altura da cumieira ou do vértice do torreón ou elemento prominente máis próximo.

Excepcionalmente, cando na opinión dos servizos e órganos municipais competentes concorran as circunstancias obxectivas que imposibiliten a instalación da antena nun determinado edificio nas condicións detalladas nos apartados anteriores, permitirase a súa instalación no lugar de menor impacto visual dende a vía pública.

CAPITULO III

ANTENAS DE ESTACIONES DE RADIOAFECCIONADOS

ARTIGO 19. CONDICIONS DE INSTALACION E LOCALIZACIONES AUTORIZADAS

O exercicio do dereito recoñecido ós titulares de licencias de afeccionado acomodarse ó previsto na L.19/1983, de 16 de novembro, reguladora da instalación, no exterior de inmobles, de antenas de estacións radioelétricas de afeccionados, na regulamentación estatal que se promulgue para determinar as condicións técnicas de instalación destas antenas e tamén ó disposto nesta Ordenanza para minimizar o seu impacto visual.

Para estes fins, ditas antenas poderán instalarse na cuberta de edificios, suxeitos ás mesmas determinacións establecidas no artigo 17 da Ordenanza.

Tamén poderán instalarse apoiadas sobre o terreo en parcelas privadas, en zonas de vivendas unifamiliares ou de edificación aberta, sempre que se adopten as medidas necesarias para atenuar ó máximo o posible impacto visual cara a conseguir a adecuada integración coa paisaxe.

O/a titular da instalación deberá dispor previamente da preceptiva autorización regulamentaria do órgano competente da Administración do Estado.

CAPITULO IV

ANTENAS DE ESTACIONES DE RADIOENLACES E RADIOCOMUNICACIONES PARA USO EXCLUSIVO DUNHA SOA ENTIDADE

ARTIGO 20. CONDICIONS DE INSTALACION

Poderá admitirse a instalación deste tipo de antenas sempre que se cumpran as condicións que en función da súa altura e das correspondentes estruturas soporte se establecen nos artigos 21 e 22 desta Ordenanza.

CAPITULO V

ESTACIONES EMISORAS, REPETIDORAS E REEMISORAS DOS SERVICIOS DE RADIODIFUSION SONORA E TELEVISION

ARTIGO 21. CONDICIONS DE INSTALACION E LOCALIZACION. SUXEICION A PLAN ESPECIAL

A instalación destas estacións e das súas estruturas de soporte será admisible sobre a cuberta dun edificio sempre que a actividade á que estea vinculada dispoña da correspondente licenza municipal e que as condicións de localización e medidas previstas para atenuar o impacto visual resulten aceptables.

Se a altura total da antena e a súa estrutura soporte excede de 8 m., será precisa a previa aprobación dun Plan especial no que se xustifique a necesidade da actividade e a localización proposta. Na documentación técnica que se achegue incluírase a especificada no artigo 35.1.1.2.c) desta Ordenanza.

ARTIGO 22. INSTALACIONES APOIADAS SOBRE O TERREO: CONDICIONS

Tamén poderán instalarse sobre o terreo sempre que a actividade á que estea vinculada dispoña de licenza municipal e se cumpran as seguintes regras:

- Se a altura total da antena e a súa estrutura soporte non excede de 35 m. (ou de 25 m. en zonas destinadas a uso residencial), poderá instalarse nas condicións que se indican no artigo 13 desta Ordenanza.
- Se a altura total supera estes límites será precisa a previa aprobación dun Plan especial no que se xustifique a necesidade da actividade e a localización proposta. Na documentación técnica que se achegue incluírase a especificada no artigo 35.1.1.2. c) desta Ordenanza.

CAPITULO VI

EQUIPOS DE TELECOMUNICACIONES PARA A DEFENSA ESTATAL, A SEGURIDADE PUBLICA, A PROTECCION CIVIL E OUTROS SERVICIOS XESTIONADOS DIRECTAMENTE POLA ADMINISTRACION PUBLICA

ARTIGO 23. LOCALIZACIONES AUTORIZADAS

Estas instalacións poderán situarse sobre terros, construcións e edificios cualificados para este cometido ou en calquera outra localización concertada entre o Concello e o órgano titular.

TITULO V
REDE DE CANALIZACIONES

ARTIGO 24. PREVISION

Nos proxectos de obras de nova edificación ou de rehabilitación integral de edificios preverase a disposición da rede de canalizacións necesaria para a Infraestructura Común de Telecomunicacións (ICT), co deseño establecido na súa normativa específica de aplicación.

ARTIGO 25. CONDICIONS

Nos edificios existentes que non sexan obxecto de obras de rehabilitación integral, o tendido do cableado discorrerá, preferentemente, por patios interiores ou por zonas non visibles desde a vía pública.

Excepcionalmente, poderá efectuarse o tendido por fachada sempre que este se disimule con efectividade, executando o seu trazado paralelamente ás cornixas, baixantes exteriores, xuntas de dilatación ou outros elementos continuos verticais existentes e adaptando a cor da canalización ou do cable á do paramento polo que discorra. Os elementos de conexión e os equipos de transmisión serán do menor tamaño posible, sen sobresaír máis de 25 cm. da fachada e a súa situación e cor axustarase ó ritmo compositivo da mesma.

TITULO VI
CONDICIONS TECNOLOXICAS, DE PROTECCION AMBIENTAL E DE SEGURIDADE DAS INSTALACIONES

ARTIGO 26. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA

A instalación e o funcionamento dos elementos e equipos dos sistemas de telecomunicación axustarase, en todo caso, á vixente normativa xeral e específica de aplicación.

ARTIGO 27. MINIMIZACION DE IMPACTOS E COMPARTICION DE LOCALIZACIONES E INFRAESTRUCTURAS

A instalación dos elementos e equipos pertencentes a unha rede de telecomunicación deberá axustarse á tecnoloxía máis avanzada, cara a lograr o menor tamaño e complexidade da instalación e a permitir a máxima redución do impacto visual, ofrecendo garantías abundas de seguridade.

Cando se pretenda a utilización por diferentes operadores dunha determinada localización e/ou estrutura soporte, para a colocación de distintas antenas, procurarase a menor separación entre estes elementos e a mellor composición rítmica, para lograr a máxima integración na paisaxe urbana e natural.

ARTIGO 28. POSTA A TERRA

Todo elemento ou equipo pertencente a calquera rede de telecomunicación obxecto desta Ordenanza disporá de posta a terra conforme establece a vixente normativa electrotécnica.

ARTIGO 29. PROTECCION FRONTE A DESCARGAS ELECTRICAS

As localizacións das antenas emisoras, emisoras-receptoras e as súas instalacións auxiliares, sexa cal sexa a súa estrutura soporte, estarán protexidas fronte ás descargas de electricidade atmosférica, segundo establece a normativa específica de aplicación.

ARTIGO 30. ACCESIBILIDADE

A instalación dos equipos de telecomunicación e os seus elementos auxiliares efectuarase da maneira que posibilite o tránsito de persoas necesario para a conservación e seguridade do inmovible.

ARTIGO 31. CONDICIONS DE SEGURIDADE DOS CONTEDORES

Na proximidade dos contedores se situarán extintores portátiles de po polivalente ABC ou de anhídrido carbónico cunha eficacia que dependerá das características da instalación. Disporase, como mínimo, dun extintor de eficacia 13-A.

Os citados habitáculos destinaranse exclusivamente a albergar o instrumental propio dos equipos de telecomunicación.

Se o contedor é visitable disporá dunha porta de acceso de dimensións mínimas de 0,80 m .por 1,90 m. de altura, que se abrirá no sentido da saída.

ARTIGO 32. SISTEMAS DE REFRIXERACION

A climatización dos contedores destas instalacións ha de se efectuar de xeito que os sistemas de refrixeración se sitúen en lugares non visibles desde a vía pública e o seu funcionamento se axuste ás prescricións establecidas na normativa de aplicación.

ARTIGO 33. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA

As características e sistemas de protección dos elementos e equipos de calquera rede de telecomunicación cumpriran en todo momento co establecido pola normativa específica de aplicación.

TITULO VII
RÉXIME XURIDICO DAS LICENCIAS SOMETIDAS A ESTA ORDENANZA

CAPITULO I
PROCEDEMENTO

ARTIGO 34. SUXEICION A LICENCIA

1. 1.1.—Conforme ó apartado 3.8.1 das normas urbanísticas do vixente PXOU, en relación cos artigos 168 da L.1/1997, do 24 de marzo, do Solo de

Galicia (LSG) e o artigo 10 do D.28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da LSG, estará sometida a licenza municipal a instalación con obra, de ser o caso, dos equipos de telecomunicación.

1.2.—Estarán suxeitas, ademais, a autorización previa do órgano autonómico competente as instalacións que pretendan situarse en solo rústico, de acordo co disposto nos artigos 77.3 e 77.4 da LSG.

Para os efectos de garantir o axuste da solicitude ó planeamento, á Ordenanza e á demais normativa de aplicación, establécese o trámite de consulta previa á solicitude de licenza para as actividades cualificadas conforme a esta Ordenanza.

O Concello, a través da Comisión constituída para o efecto, dará unha resposta razoada á consulta e, de ser esta denegatoria, indicará os criterios ós que deban axustarse as obras, actividades e/ou a instalacións.

2. Unicamente precisará da oportuna comunicación ó Concello, ademais das solicitudes que teñan por obxecto a autorización dos cambios de titular de licenza vixente, aquelas que pretendan a reposición ou troco das antenas ou dos aparellos incluídos en contedores xa instalados por outros de similares características así como as autorizacións referidas á recepción dos servicios de radiodifusión sonora e televisión.

3. Para os efectos previstos nesta Ordenanza, as actividades nela reguladas clasifícanse en:

- Actividades inocuas.
- Actividades cualificadas.

4. Son actividades inocuas as actuacións que teñen por obxecto a instalación de antenas de telefonía de reducidas dimensións, estacións para usuarios de telefonía fixa con acceso vía radio, contedores de nodos finais de redes de telecomunicacións por cable, antenas receptoras de sinais de radiodifusión sonora e televisión, estacións de radioaficionados, así como a instalación por fachadas de cables ou canalizacións pertencentes a redes de telecomunicacións por cable.

5. Son actividades cualificadas as actuacións que teñen por obxecto a instalación de estacións base de telefonía, así como aquelas que teñen por obxecto a instalación dos equipos e elementos pertencentes a estacións emisoras, repetidoras, reemisoras dos servicios de radiodifusión sonora e televisión e a instalación de estacións de radioenlaces e radiocomunicacións para uso exclusivo dunha soa entidade.

ARTIGO 35. DISPOSICIONS PARTICULARES APLICABLES AS ACTIVIDADES CUALIFICADAS

1. Ademais da documentación requirida con carácter xeral polas normas de procedemento do PXOU que sexa necesaria e congruente coa natureza e características da instalación de que se trate, requirirase a presentación de proxecto técnico asinado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional no que se inclúa, como mínimo, a seguinte documentación complementaria:

1.1. Estudio de cualificación ambiental que describa polo miúdo a posible incidencia da súa implantación e funcionamento no medio natural exterior e interior das edificacións e construcións do seu contorno, con indicación dos seguintes datos:

- Acreditación fidedigna do cumprimento das normas e directrices dictadas polos órganos competentes da Administración do Estado en materia de saúde ambiental. A estes efectos, achegarse a xustificación da aprobación do proxecto técnico polo Ministerio de Ciencia y Tecnología.
- Impactos ambientais producidos por ruídos e vibracións e pola expulsión forzada de aire quente ou viciado.
- Impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana.
- Medidas correctoras que se propoñen adoptar para eliminar os ditos impactos e o grao de eficacia previsto.

1.2. Documentación gráfica ilustrativa do impacto visual da instalación dende o nivel da vía pública e xustificativa da localización e da solución de instalación elixidas, na que se inclúan:

- a) Fotomontaxes:
 - Frontal de instalación (cando for posible).
 - Lateral dereito: dende a beirarrúa contraria da vía, a 50 m. da instalación.
 - Lateral esquerdo: dende a beirarrúa contraria da vía, a 50 m. da instalación.

De o estimaren procedente os servicios técnicos municipais, deberá achegarse, ademais, simulación gráfica do impacto visual dende a perspectiva da visión do viandante ou dende outros puntos.

- b) Plano, a escala adecuada, da localización da instalación e do trazado do cableado (a súa situación nos trazados verticais e horizontais), de se realizar a instalación en fachada exterior.
- c) Para as instalacións reguladas nos artigos 20, 21 e 22 desta Ordenanza, cando a súa al-

tura máxima total supere os límites que neles se indican, será necesario achegar documentación relativa a seccións topográficas ortogonais nas que se reflectan os perfís urbanos.

- d) Para as instalacións reguladas no artigo 13, no núcleo exterior da cidade, xustificación do cumprimento das prescricións relativas a zonas autorizadas.

2. Será preceptivo o informe favorable dos servizos municipais competentes en materia medioambiental, patrimonio histórico e estética urbana e, cando se precise de acordo coa normativa sectorial aplicable, o informe dos órganos ou institucións competentes en materia de protección do patrimonio histórico, artístico e natural.

3. Concederanse simultaneamente as licencias que autoricen a localización, as obras precisas e a actividade de telecomunicación á que se refire a solicitude presentada.

ARTIGO 36. LICENCIA DE FUNCIONAMENTO

Antes da posta en marcha das instalacións ou equipos de telecomunicación clasificados como actividades cualificadas, solicitarase do Concello a correspondente licenza urbanística de funcionamento.

ARTIGO 37. DISPOSICIONS PARTICULARES APLICABLES AS ACTIVIDADES INOCUAS

1. Coas solicitudes de licenza relativas ás actividades definidas como inocuas e que, conforme co artigo 34 desta Ordenanza precisen de licenza municipal, achegarase a seguinte documentación:

- a) Solicitude en impreso regulamentario.
- b) Memoria descritiva e xustificativa das obras e instalacións con fotomontaxes e simulación gráfica do impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana.
- c) Planos a escala adecuada das obras e das instalacións, da localización da instalación na construción ou no edificio e do trazado do cableado (localización do mesmo en trazados verticais e horizontais) se a instalación proxectada fose a realizarse na fachada exterior.
- d) Certificación da acreditación oficial da empresa responsable das obras e instalacións.

2. Concederase simultaneamente a licenza que autorice as obras e a que autorice a instalación e o funcionamento da actividade ou instalación nas condicións reflectidas no documento da licenza, sen prexuízo das comprobacións que a Administración municipal considere procedente realizar no

exercicio das facultades de control e disciplina que a normativa vixente lle outorga.

CAPITULO II

CONSERVACION, RETIRADA E SUBSTITUCION DE INSTALACIONES DE EQUIPOS DE TELECOMUNICACION

ARTIGO 38. DEBER DE CONSERVACION

1. O/A titular da licenza deberá conservar a instalación dos equipos de telecomunicación en bo estado de seguridade, salubridade e ornato público.

2. O deber de conservación das instalacións de equipos de telecomunicación implica o seu mantemento mediante a realización dos traballos e obras que se precisen para asegurar o cumprimento dos seguintes fins:

- a) Preservación das condicións conforme ás cales fosen autorizadas as citadas instalacións.
- b) Preservación das condicións de funcionalidade e, ademais, de seguridade, salubridade e ornato público das instalacións autorizadas, incluídos os seus elementos soportes.

ARTIGO 39. RETIRADA DE INSTALACIONES OU DALGUN DOS SEUS ELEMENTOS

O/a titular da licenza ou o/a propietario/a das instalacións deberán realizar as actuacións necesarias para derrubar e retirar os equipos de telecomunicación ou os seus elementos e deixarán no estado anterior á instalación destes o terreo, construción ou edificio que sirva de soporte á dita instalación, nos supostos de cesamento definitivo da actividade ou dos elementos destas que non se utilicen.

ARTIGO 40. RENOVACION E SUBSTITUCION DAS INSTALACIONES

1. Estarán suxeitas a idénticos requisitos cá primeira instalación a renovación ou substitución completa dunha instalación e a reforma daquelas características determinantes para a súa autorización ou troco dalgún dos seus elementos por outro de características diferentes ás autorizadas.

2. O Concello poderá impor a renovación ou substitución dunha instalación existente no suposto de caducidade da licenza ou autorización.

ARTIGO 41. ORDES DE EXECUCION

Co fin de asegurar o cumprimento do establecido nos artigos 38 e 39 desta Ordenanza, o órgano competente do Concello dictará as ordes de execución que sexan necesarias e que conterán as determinacións seguintes:

- a) Determinación dos traballos e obras que han de se realizar para cumprir o deber de conservación dos equipos de telecomunicación e

da súa instalación ou, de ser o caso, a retirada da instalación ou dalgún dos seus elementos.

- b) Determinación do prazo para o cumprimento voluntario do ordenado, que se fixará en razón directa da importancia, volume e complexidade dos traballos para realizar.
- c) A orde de execución determinará, en función da entidade das obras realizables e conforme á normativa de aplicación, a esixibilidade de proxecto técnico e, de ser o caso, de dirección facultativa.

CAPITULO III

REXIME DE PROTECCION DA LEGALIDADE E SANCIONADOR DAS INFRACCIONS

ARTIGO 42. INSPECCION E DISCIPLINA DAS INSTALACIONES DE EQUIPOS DE TELECOMUNICACION

As condicións urbanísticas de localización, instalación -incluídas as obras- e funcionamento dos equipos de telecomunicación regulados nesta Ordenanza estarán suxeitos ás facultades de inspección municipal, correspondéndolles ós servicios e órganos que a teñan encomendada na organización municipal as facultades de protección da legalidade e as de disciplina.

ARTIGO 43. PROTECCION DA LEGALIDADE

1. As accións ou omisións que contraveñan o disposto nesta Ordenanza poderán motivar a adopción das medidas que a continuación se establecen:

- a) Restitución da orde urbanística vulnerada.
- b) Imposición de multas ós responsables, trala tramitación do correspondente procedemento sancionador.

2. En todo caso, a Administración municipal adoptará as medidas tendentes a reponer os bens afectados ó estado anterior á produción da situación ilegal.

ARTIGO 44. INFRACCIONS E SANCIONS

As accións ou omisións que vulneren o disposto nesta Ordenanza respecto das normas urbanísticas sobre localización, instalación e funcionamento dos equipos de telecomunicación constitúen infraccións urbanísticas que serán sancionadas de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e nos artigos seguintes.

ARTIGO 45. CLASIFICACION DAS INFRACCIONS

1. As accións ou omisións que vulneren o disposto nesta Ordenanza constitúen infraccións urbanísticas que poden ser cualificadas como graves ou leves, a teor do establecido na Lei do Solo de Gali-

cia e no seu Regulamento de Disciplina Urbanística.

2. Son infraccións graves:

- a) A instalación con obras, de ser o caso, sen licenza dos equipos de telecomunicación ós que se refire o artigo 34 desta Ordenanza.
- b) O funcionamento da actividade cos seus equipos de comunicacións ós que se refire o artigo 34.5 desta Ordenanza sen respectar as condicións que figuren incorporadas á autorización ou licenza concedida.
- c) O incumprimento dos deberes de conservación e retirada das instalacións dos equipos de telecomunicación ós que se refiren os artigos 38 e 39 desta Ordenanza.

3. Son infraccións leves:

- a) As accións ou omisións que vulneren o disposto nesta Ordenanza relativas ás instalacións de equipos de telecomunicación ós que se refire o seu artigo 34.4.
- b) En todo caso, cando no procedemento sancionador se demostre a escasa entidade do dano producido ós intereses xerais, as accións ou omisións que vulneren o disposto nesta Ordenanza serán cualificadas como infraccións leves.

ARTIGO 46. SUXEITOS RESPONSABLES

Sen prexuízo do disposto respecto da responsabilidade de conservación e retirada das instalacións dos equipos de telecomunicación, poderán ser suxeitos solidariamente responsables da comisión das infraccións tipificadas nesta Ordenanza: o/a promotor/a da obra e/ou da actividade, quen realizase a instalación e o/a propietario/a do equipo de telecomunicación.

ARTIGO 47. SANCIONS

1. A determinación das sancións que correspondan imponer pola comisión das infraccións tipificadas nesta Ordenanza realizarase do seguinte xeito:

- a) Sancionarse con multa do 1% ó 5% do valor da obra, instalación ou actuación realizada a comisión das infraccións leves ás que se refire o artigo 45.3 da Ordenanza.
- b) Nos supostos previstos no seu artigo 45.2 aplicaranse as regras seguintes:
 - Serán sancionados con multa do 1% ó 15% do valor das obras complementarias que fose necesario realizar para cumprir os deberes de conservación e retirada das instalacións, calculado polos servicios técnicos municipais, os que incumprisen as ordes de execución ás que se refire o artigo 41 da Ordenanza.
 - Serán sancionados con multa do 5% ó 15% do valor da instalación, calculado polos ser-

vicios técnicos municipais, quen realice actuacións previstas nesta Ordenanza sen licenza, sempre que as ditas actuacións fosen legalizables.

- Serán sancionados con multa do 15% ó 30% do valor da instalación, calculado polos servizos técnicos municipais, quen realice as actuacións previstas nesta Ordenanza sen licenza, sempre que as ditas actuacións non fosen legalizables.

As actuacións reguladas nesta Ordenanza que, malia amparadas nunha licenza, se realicen en contra das condicións por ela impostas serán consideradas, para os efectos de aplicación do réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións correspondentes, como actuacións sen licenza e imporase a sanción de acordo cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

ARTIGO 48. APLICACION DAS SANCTIONS E PRESCRICION

No tocante á aplicación das sancións previstas nesta Ordenanza e á prescrición das infraccións tipificadas nela, estarase ó establecido sobre o particular na normativa urbanística vixente en Galicia e á demais de aplicación.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira:

No prazo de un ano, contado a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, o Concello creará un rexistro especial no que se inscribirán todas as instalacións de emisión e recepción dos servizos de telecomunicacións existentes en Vigo. A inscrición rexistral realizarase de oficio ou por petición dos interesados e deberá conter os datos relativos ó titular da licenza e ás condicións impostas para a autorización da instalación.

Disposición adicional segunda:

Créase a Comisión de Telecomunicacións do Excmo. Concello de Vigo, como órgano con competencia propia encargado de dictaminar as consultas previas relativas ás solicitudes de licencias para actividades cualificadas, de realizar o seguimento da execución da Ordenanza, de propoñer as modificacións, revisións e melloras que resulten necesario ou conveniente introducir no seu texto e, en xeral, de todas aquelas cuestións e incidencias da competencia municipal relacionadas coas materias que son obxecto de regulación na Ordenanza.

A Comisión intégrase na estrutura orgánica da Xerencia municipal de Urbanismo e acomodará o seu funcionamento ó disposto na normativa aplicable para os órganos colexiados da súa natureza.

Estará integrada polo Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en que delegue, que a presidirá, o/s concelleiro/s con competencias delegadas en materia de urbanismo, o/a concelleiro/a responsable de medio ambiente, o/a concelleiro/a responsable do patrimonio histórico, o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, o secretario da Xerencia, que actuará como secretario da Comisión, os técnicos municipais que se designen e un representante do Departamento de Tecnoloxía das Comunicacións da ETSI de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

Poderán asistir, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, a xuízo do presidente da Comisión, conveña que sexan escoitadas polos seus coñecementos técnicos ou profesionais na materia. Tamén poderán asistir, nestas mesmas condicións, un representante da Federación de A.VV. “Eduardo Chao” de Vigo e un representante de cada un dos operadores con licenza de redes de telecomunicacións.

DISPOSICIONS TRANSITORIAS

Disposición transitoria primeira:

As instalacións de telecomunicación establecidas sen a debida autorización con anterioridade á data de entrada en vigor desta Ordenanza, regularizarán a súa situación de conformidade cos seguintes criterios:

1. As instalacións clasificadas polo artigo 34 como actividades inocuas e sometidas unicamente ó procedemento propio dos actos comunicados que cumpran as condicións urbanísticas previstas nesta Ordenanza, entenderanse legalizadas sen necesidade de efectuar trámite de procedemento ningún.

2. As instalacións clasificadas como inocuas que non cumpran as condicións sinaladas no parágrafo anterior e as clasificadas como actividades cualificadas de conformidade co citado artigo 34, deberán regularizar a súa situación e solicitar a licenza que corresponda no prazo de dous anos; prazo que comezará a contar dende a data de entrada en vigor desta Ordenanza, salvo que a instalación estea situada nalgunha das localizacións ás que se refire o artigo 10; neste caso o prazo será de un ano, que se contará dende a data indicada.

Disposición transitoria segunda:

Os titulares das instalacións reguladas nesta Ordenanza, establecidas coa debida autorización con anterioridade á data da súa entrada en vigor, serán respectados nos seus dereitos adquiridos, sen prexuízo da obriga que se lles impón de realizar as adaptacións que fosen procedentes polos procedementos nela establecidos, no prazo máximo de catro anos contados dende a indicada data.

En razón ó carácter temporal e progresivamente residual establecido pola lexislación vixente, exceptúanse desta obriga as instalacións pertencentes ós servizos de telefonía móbil automática analóxica sempre que, para cada unha delas, se achegue un estudio de calificación ambiental no que se xustifique o cumprimento das normas ou directrices dadas polo Estado en materia de saúde ambiental e a eliminación ou minimización dos posibles impactos visuais e sobre o medio ambiente.

DISPOSICIONS FINAIS

Disposición final primeira:

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

Disposición final segunda:

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, esta Ordenanza entrará en vigor ós quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

RECURSOS PROCEDENTES:

De acordo co disposto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (LRXCA), 107.3, 109 e concordantes da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), 52 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LRBRL) e 209 e ss. do RD.2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, pudiéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRX-PAC, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Vigo, 19 de marzo de 2001.—O Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, Lois Pérez Castrillo. 2786

* * *

BARRO

A N U N C I O

Anuncio de exposición ó público do expediente de apertura dunha "Nave para productos audiovisuais"

Don Emilio Sacarrera Ruza, solicitou deste concello de Barro, licencia municipal para a apertura de "Nave para producións audiovisuais", a emprar en Santo Antoniño-Perdecanaí.

Segundo dispón o apartado a) do número 2 do artigo 30 do Regulamento de actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas, expónse ó público o expediente polo prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da provincia.

As persoas interesadas poderán examinalo expediente e presentalas reclamacións que estimen oportunas nas oficinas do concello.

Barro, 23 de marzo de 2001.—O Alcalde, José Antonio Landín Eirín. 2837

* * *

CAMBADOS

Por Francisco González Abal, solicítase licencia municipal para "Instalación de G.L.P.", a emprar en Xesteira-Castrelo.

O que se fai público, por prazo de 10 días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 77 da Lei 1/97, ós efectos de exame e reclamacións.

Cambados, 26 de marzo de 2001.—O Alcalde, ilexible. 2839

* * *

O ROSAL

E D I T O

Solicitando desta Alcaldía don José María Campos Pérez, en representación de Adegas das Rías Baixas, S.A., licencia municipal para apertura de adega, a situar en Eiras, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que co-

V I G O


A N U N C I O

Corrección da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo (exp. 5609/411).


A aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo, foi publicada no Boletín Oficial da provincia número 68, do 5 de abril de 2001.

Advertido erro da omisión na publicación do anexo a que se fai referencia no punto 2º (Contido e alcance da ordenanza) da súa exposición de motivos, e artigo 13, integrado por dous planos nos que se indican as zonas preferentes para a instalación das estacións bases de telefonía móbil, procédese á publicación dos mesmos.

ANEXO ORDENANZA MUNICIPAL DE TELECOMUNICACIONES -VIGO-



ANEXO ORDENANZA MUNICIPAL DE TELECOMUNICACIONES -VIGO-



Vigo, a vintecatro de abril de 2001.—O Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, Lois Pérez Castrillo. 3774

A N U N C I O

APROBACION DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL DO PARQUE TECNOLOXICO E LOXISTICO DE VIGO (EXP. 4959/411)

O Pleno do Concello, en sesión do 26 de marzo de 2001, acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, promovido polo “Consortio Zona Franca de Vigo”, redactado pola entidade mercantil “Interurbán, S.A.” e asinado polo enxeñeiro director D. Roberto Aya Duarte (expte. 4959/411).

O que se publica para o xeral coñecemento e de conformidade co artigo 48.2 da Lei 1/1997 de 24 de marzo do solo de Galicia significando que a Normativa, Ordenanzas de aplicación e plan de etapas son as seguintes:

**ORDENANZAS REGULADORAS
2.1. DISPOSICIONES GENERALES**

ART. 1. AMBITO DE APLICACION

Estas ordenanzas son de aplicación en la totalidad del ámbito del Plan Parcial del Parque Tecno-